



# XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Dende a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** queremos informarte das iniciativas postas en marcha dende a Xunta de Galicia e a propia Axencia co fin de promover, apoiar e dinamizar os **proxectos de emprendemento innovador**.

A través do **Programa de Emprendemento Innovador**, un dos catro instrumentos da **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3)** para acadar os retos definidos para 2020, artéllanse medidas como a creación dunha rede de contactos, traballo en rede entre emprendedores, servizos de titorización especializada, colaboración con outras iniciativas de aceleradoras, etc.

Deste xeito, GAIN participa nas seguintes actividades e programas encamiñados a promover a aceleración da innovación:

- **GALICIA OPEN FUTURE:** A Xunta de Galicia e Telefónica veñen de crear un centro de crowdworking na Cidade da Cultura, destinado a impulsar iniciativas de emprendemento en todos os sectores, especialmente, no ámbito das TIC. Este programa ofrece aos emprendedores titorización, formación e recursos para o desenvolvemento de 50 proxectos empresariais innovadores cada ano, así como o acceso ao programa de incentivos á excelencia innovadora en materia TIC da Xunta.
- **VIAVIGO:** Aceleradora de empresas da Zona Franca de Vigo e da Xunta de Galicia que ofrece, durante 18 meses, formación, titorización, coworking e achega de capital semente para arrincar os 10 proxectos máis prometedores.
- **BIO INVESTOR PROGRAM:** Programa conxunto da Xunta de Galicia e o Clúster das Ciencias da Vida (Bioga) que financia o lanzamento, análise e consolidación de 10 proxectos de emprendemento na vangarda biotecnolóxica. Ademais, ofrece formación e asesoramento a través da Bio Investor Academy.
- **TECNÓPOLE:** O Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) constitúe un centro de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento empresarial. Conta cun Centro de Empresas e Innovación con 2.200 m2 destinados á incubación de empresas, aulas de formación, espazos de coworking, laboratorios de biotecnoloxía e solo industrial, a infraestrutura necesaria para o nacemento de iniciativas innovadoras de elevado compoñente tecnolóxico. Así mesmo, programa actividades de formación, divulgación e promoción financeira e tecnolóxica.

Así mesmo, GAIN conta con dous fondos de capital risco, que complementan o formato de subvención e que responden á dinámica empresarial actual: o **Fondo Tecnolóxico I2C** e o **Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras**. O Fondo Tecnolóxico I2C, xestionado conxuntamente con Xesgalicia, aporta un marco estable de financiamento para o despegue e a consolidación de proxectos empresariais que teñan un marcado carácter innovador e que sexan resultado da

valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i. Pola súa banda, o Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras, xestionado polo IGAPE e Xesgalicia, persegue facilitar a creación e consolidación de novos proxectos empresariais.

Agardamos que esta información sexa do teu interese,

Despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción